

**NOTA DE PRENSA 034/23
3 DE XUÑO DE 2023**

ALEXIS VIEITEZ E CRISTIAN ÁLVAREZ REMATAN ENTRE OS CINCO PRIMEIROS DO RALLY DE PONTEVEDRA E MARCOS MACEIRAS E SERGIO IGLESIAS ABANDONAN POR PROBLEMAS MECÁNICOS

Fin de semana de cara e cruz para os dous equipos becados pola Federación Galega de Automobilismo compostos por Alexis Vieitez e Cristian Álvarez e Marcos Maceiras e Sergio Iglesias.

Os dous conxuntos afrontaban a cita da casa (ambos son da provincia de Pontevedra) con altas expectativas e un firme desexo de agradar aos seus seguidores, pero os problemas mecánicos impediron que a festa fose completa.

No caso de Alexis Vieitez e Cristian Álvarez, chegou a parte positiva da fin de semana. Despois do abandono do pasado Rallye Mariña Lucense, Vieitez fixo unha boa proba, mágoa dun pequeno erro que lle fixo perder tempo e posicións para rematar novamente dentro dos cinco primeiros clasificados da xeral absoluta da proba aos mandos do Nissa Micra N5.

A cara negativa da proba foi para Maceiras e Iglesias. Na primeira pasada por Cerdedo Cotobade a mecánica do Nissan Micra N5 dixo basta ao romperse unha buxía e danar un pistón do motor. Como nota positiva destacan os bos cronos realizados ata a súa retirada.

Con este resultado, Vieitez e Álvarez continúan a subir posicións dentro do campionato galego e sitúanse no quinto posto con 51 puntos.

Declaracións de Alexis Vieitez:

“A verdade é que foi moi ben. Comezamos con bo ritmo aínda que facía varias semanas que non nos montábamos no coche. Fixemos un medio trompo e ao chegar á asistencia atopamos un problema no diferencial que Roberto Méndez arranxou enseguida. Creo que un quinto é un bo resultado para nós no rallye da casa, así que moi contentos”.

Clasificación provisional do Campionato Galego despois de catro probas:

1. Víctor Senra // 164
2. Alberto Meira // 140
3. José Lamela // 101
4. Javier Ramos // 58 (si hace sexto)
5. Alexis Vieitez // 51